

VII CERTAME DE DOCES TÍPICOS DE OUTONO

O Concello da Pobra de Trives convoca o VII Certame de doces típicos de outono con motivo da festa do Magosto.

BASES DO CERTAME:

- I. PARTICIPANTES. Poderán participar no concurso tódalas persoas que o desexen.
- II. INGREDIENTES OBRIGATORIOS: Os doces deberán ser elaborados con ingredientes da tempada como castañas, noces, figos, mazá, pera, cabaza, uva, laranxa..., etc.
- III. REQUISITO OBRIGATORIO: Non se poderán empregar ingredientes que non sexan naturais.
- IV. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA DOS DOCES: O día 9 de novembro (Día do Magosto) antes do comezo do Magosto (antes das 18,00h) no Centro Cívico de Santa Leonor.
- V. DATOS OBRIGATORIOS: Os participantes deberán presentar os seguintes datos:
 - Nome e apelidos do autor/a.
 - Nome da sobremesa: breve explicación dos ingredientes que contén e da elaboración da mesma.
- VI. CRITERIOS DE VALORACIÓN:
 - Presentación e orixinalidade.
 - Dificultade da sobremesa.
 - Calidade.
 - Quedarán exentos de valoración aqueles que non sexan comestibles.

- VII. INSCRIPCIÓNS: Os participantes deberán anotarse con antelación na Casa do Concello, antes do día 8 de novembro.
- VIII. AGASALLOS: Entregarase un agasallo a cada participante.
- IX. ENTREGA DE AGASALLOS: Terá lugar o día 9 de Novembro durante o Magosto.
- X. DEGUSTACIÓN: As sobremesas serán degustadas por tódolos asistentes ao Magosto, o sábado 9 de Novembro a partires das 18,00 h no Centro Cívico, en Santa Leonor.
- XI. Calquera continxencia non prevista nas presentes bases poderá ser resolta pola organización.